

ACTA Nº 2016/15

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, XOVES 27 DE OUTUBRO DE 2016 -

No día de hoxe ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ

ASISTEN:

BNG

TOBIAS BETANZOS REGO

XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA

ADELINA CES QUINTANS

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

RAQUEL GARCIA ABUIN

PP

MARIA JESUS GALBAN TEIJEIRO

ADELA BECERRA MAYO

ADRIAN VIDAL IGLESIAS

PSOE

MARIA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO

MARTIN COMOJO VICENTE

FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

SON-RIANXO EN COMÚN

ANTONIO CASTRO CASTRO

JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

AUSENCIAS:

PP

MARIA VANESA MARTINEZ DURAN

ELISA BOUZAS VICENTE

SECRETARIA:

PATRICIA SANCHEZ CASTELO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

APROBACIÓN DE ACTAS

1. - APROBACIÓN DA ACTA Nº 14/2016 DA SESIÓN DO PLENO ORDINARIO DE 29 DE SETEMBRO DE 2016

DACIÓNS DE CONTA

2. - DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

3. - DACIÓN DE CONTA DA PROPOSTA DE APROBACIÓN PADRÓNS

CORRESPONDENTES A TAXA DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS, ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, CONSERVACIÓN ACOMETIDA, CONSERVACIÓN CONTADORES E CANON DA AUGA 2º TRIMESTRE 2016.

ASUNTOS DA C.I. DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E DIVERSIDADE

4. - APROBACIÓN CAMBIO NA DENOMINACIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E DIVERSIDADE

MOCIÓNS

5. - MOCIÓN POLA DERROGACIÓN DA LEI DE RACIONALIZACIÓN E SUSTENTABILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.- PRESENTADA POR RIANXO EN COMÚN O 21/10/2016 CON REXISTRO DE ENTRADA Nº 5998

6. - MOCIÓN SOBRE A TRANSFERENCIA DA AP-9. PRESENTADA POLO BNG Ó 20/10/2016 CON REXISTRO DE ENTRADA Nº 5974

7. - MOCIÓN APOIO ÁS RECLAMACIÓNS DOS TRABALLADORES DO MAR.- PRESENTADA POLO BNG O 17/10/2016 CON REXISTRO DE ENTRADA Nº 5883

8. - MOCIÓN OPOSICIÓN AO VERTEDOIRO NO CONCELLO DE LOUSAME.- PRESENTADA POLO BNG O 14/10/2016. REXISTRO DE ENTRADA Nº 5845

9. - MOCIÓN OPOSICIÓN Á LOMCE E ÁS SÚAS REVÁLIDAS.- PRESENTADA POLO BNG O 14/10/2016. REXISTRO DE ENTRADA Nº 5845

10. - ROGOS E PREGUNTAS

PROPOSTAS ORDINARIAS

Antes de pasar a tratar os puntos do pleno o alcalde sinala que espera sexa a ultima acta sen ser gravada, a próxima sesión plenaria será gravada.

1.- APROBACIÓN DA ACTA Nº 14/2016 DA SESIÓN DO PLENO ORDINARIO DE 29 DE SETEMBRO DE 2016

- **A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 142016 de 29/09/2016.**

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 29/09/2016, Acta 14/2016.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O Pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a acta nos termos desta.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/09/2016 ata o 30/09/2016, que comprenden os números 425/2016 ao 466/2016, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 17 da Sesión extraordinaria do día 05/09/2016
- Acta Nº 18 da Sesión extraordinaria do día 29/09/2016

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

3.- DACIÓN DE CONTA DA PROPOSTA DE APROBACIÓN PADRÓNS CORRESPONDENTES A TAXA DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS, ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, CONSERVACIÓN ACOMETIDA, CONSERVACIÓN CONTADORES E CANON DA AUGA 2º TRIMESTRE 2016.

Visto os seguintes padróns:

- 1.Padrón da taxa por abastecemento de auga potable a domicilio 2º trimestre 2016.
- 2.Padrón da taxa por saneamento de augas residuais 2º trimestre 2016.
- 3.Padrón da taxa por conservación acometidas 2º trimestre 2016.
- 4.Padrón de taxa por conservación contadores 2º trimestre 2016.
5. Padrón de Canon da auga 2º trimestre 2016.

Confeccionados pola empresa concesionaria do servizo, VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U, sendo cada un deles:

Concepto	Nº de rexistros	Importe
----------	-----------------	---------

Taxa por abastecemento de auga potable a domicilio 2ºtrimestre 2016.	4690	40.601,31 €
Taxa por saneamento de augas residuais 2º trimestre 2016.	4690	67.335,12 €
Canón da Auga 2º trimestre 2016	4690	26.634,00 €
Taxa por conservación acometidas 2º trimestre 2016	4690	2.726,50 €
Taxa por conservación contadores 2º trimestre 2016	4690	2.733,65 €

Esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local como órgano competente en virtude da delegación conferida por Resolución de Alcaldía nº 552/2015, do 15 de outubro, a adopción do seguinte:

ACORDO.

PRIMEIRO

Aprobar os padróns conforme se recolle na parte expositiva da presente

SEGUNDO

Dar conta ó Pleno da presente na seguinte sesión.

TERCEIRO

Proceder a exposición pública do dito padrón durante o prazo de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación do correspondente edito no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de editos do Concello, prazo durante o cal o dito padrón estará a disposición dos interesados no Concello.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

4.- APROBACIÓN CAMBIO NA DENOMINACIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E DIVERSIDADE

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

Cómpre lembrar que polo pleno celebrado dia 9/07/2015 creáronse as diferentes comisións informativas permanente.

A vista de que a competencia de benestar animal non estaba asinada a ningunha comisión especial tense a ben propoñer asinarlle dita materia a Comisión Informativa de Benestar Social, igualdade e diversidade polo que propoño o pleno :

PRIMEIRO

Aprobar un cambio na denominación da comisión Informativa de Benestar Social, igualdade e diversidade pasando a denominarse COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, ANIMAL, IGUALDADE E DIVERSIDADE

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

- O voceiro de Rianxo en Común intervén dicindo que para ser un asunto do pleno parecenos excesivo reunirmos aquí para tratar este tema. Perfectamente posible que a comisión recolla esa competencia sen aparecer recollidos na denominación ,o importante e que empece a reunirse
- A voceira do PSOE, engade que ao seu grupo parécelles ben, pero podería haber en vez dunha “,” un “e” separando social e animal.
- A voceira do PP paréceslle ben o cambio.
- A voceira do BNG apoian a proposta

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto ao Pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta coa emenda seguinte:

COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL E ANIMAL, IGUALDADE E DIVERSIDADE

5.- MOCIÓN POLA DERROGACIÓN DA LEI DE RACIONALIZACIÓN E SUSTENTABILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.- PRESENTADA POR RIANXO EN COMÚN O 21/10/2016 CON REXISTRO DE ENTRADA Nº 5998

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O voceiro do grupo municipal Rianxo en Común procede a expoñer a moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Administracións Locais resultaron prexudicadas polas políticas de austeridade levadas a cabo nos últimos anos polo Goberno Central. A modificación do artigo 135 da constitución no ano 2011 foi o punto de saída, que máis tarde viría seguido pola Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade da Administración Local. Estas normas laminan dun xeito substantivo a acción política nons concellos e supoñen un enorme lastre para o traballo administrativo, aínda que a débeda dos concellos é unha porcentaxe ínfima da débeda pública.

Supostamente o obxectivo da Lei 27/2013 era axustar o funcionamento das Administracións Locais á conxuntura económica baixo o pretexto do mal gasto, o solapamento de competencias e o incumprimento financeiro. Porén, os efectos que en realidade se produciron foron unha redución das competencias dos concellos e a consecuente merma nos servizos públicos prestados polos mesmos.

Foi o anterior o que levou a que o pasado 4 de outubro de 2016 se rexistrase no Congreso dos Deputados unha Proposición de Lei para a aplicación de medidas urxentes en materia de réxime local. Esta proposición pretende implementar medidas urxentes que, ata que haxa unha nova Lei de Bases de Réxime Local, permita os mesmos prestar servizos esenciais.

É necesario priorizar o criterio de administración máis próxima á cidadanía como garantía de universalidade, mellor cobertura territorial, calidade e control democrático na prestación dos servizos públicos, avanzar na formulación dun novo sistema de financiamento local que inclúa a redistribución dos fondos actualmente asignados ás Deputacións Provinciais, así como unha lei de facendas locais de Galicia que amplíe a participación dos concellos nos ingresos da Comunidade Autónoma e que redefina os actuais mecanismos de reequilibrio territorial.

Por todo o exposto, o Grupo municipal de Rianxo en Común propón ao pleno os seguintes ACORDOS:

Apoiar a tramitación nas Cortes Xerais do Estado da proposición de lei para aplicación de medidas urxentes en materia de réxime local e, por conseguinte, apoiar a derogación parcial e modificación da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

Instar ó Goberno Central e a todos os grupos parlamentarios das Cortes Xerais do Estado a que faciliten e apoiem un proceso participativo de diálogo e negociación no que estean representados as Comunidades Autónomas, os entes locais, as asociacións de concellos, a sociedade civil e a cidadanía no seu conxunto, onde se elaboren as bases para unha nova estruturación e réxime xurídico das administracións locais sobre as bases de asunción de novas competencias, de garantir un financiamento adecuado e suficiente, así como a garantía de transparencia e participación da cidadanía.

Instar ó novo goberno da Xunta e ó Parlamento de Galicia a formularen e tramitaren unha lei de facendas locais de Galicia, que garanta a autonomía e suficiencia financeira dos concellos galegos, que amplíe a participación dos concellos nos ingresos da Comunidades Autónoma e que redefina os actuais mecanismos de reequilibrio territorial.

Instar ó novo goberno da Xunta de Galicia e o Parlamento de Galicia a formularen e tramitaren a modificación da Lei 5/2014 de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade da administración local, así como da lei de administración local de Galicia e da lei de delimitación e coordinación das deputacións.

Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, á Xunta de Galicia, a tódolos Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais do Estado, do Parlamento de Galicia, así como á Federación Galega de Municipios e Provincias.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

- A voceira do PSOE, o seu grupo dende o inicio da aprobación da lei ven loitando porque se reorganicen as competencias estamos dacordo
- A voceira do PP, engade que son conscientes non recollen todas as alegacións que se fixeron desde a Fegamp , e a lei vaise modificar.

- A voceira do BNG di que o seu grupo apoia a moción, os concellos como administracións mais próximas os cidadáns somos os que máis servizos prestamos sen embargo esta lei impídenos seguir prestándoos , sen embargo a cidadanía reclámaos polo que se necesita un orzamento adecuado unha competencia para poder presta-los .
- O alcalde intervén para dicir que esta lei aprobouse coa finalidade de que a débeda diminuíse impoñéndolle as mesmas obrigas as comunidades autónomas e os concellos cando está demostrado que os concellos debían moito menos e cumpriron cos deberes, sen embargo a autonomía local foinos arrebatada. Numerosos concellos no PP cargan contra Montoro , esta lei é un despropósito! . Recentemente este Concello solicitou a xunta de Galicia un informe sobre non duplicidade do servizo de Centro de emprendemento porque senón non é posible prestar ese servizo neste concello . Os concellos deben dispoñer de autonomía local e suficiencia financeira para poder prestar os servizos recollendo a como criterio de reparto das transferencias os espallamento poboacional , a hora de prestar os servizos, dado encarecemento da súa prestación .

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e tres abstencións (dos 3 membros do grupo PP) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

6.- MOCIÓN SOBRE A TRANSFERENCIA DA AP-9. PRESENTADA POLO BNG Ó 20/10/2016 CON REXISTRO DE ENTRADA Nº 5974

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

A voceira do grupo municipal BNG pasa a expoñer a moción.

A AP-9 é unha autoestrada que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, ao conectar toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas. Malia o seu carácter vertebrador, a AP-9 continúa a depender do Goberno Central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos, e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos. As competencias e a xestión desta autoestrada por parte do Estado é motivo de controversia, non só polas abusivas peaxes, senón tamén polo deterioro e servizo deficiente que presta a concesionaria, coa complicidade do Goberno central.

O Parlamento de Galiza, ao final da IX Lexislatura, por unanimidade de todas as forzas políticas con representación, aprobou a “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da

titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, que foi remitida ao Congreso dos Deputados para a súa tramitación e aprobación final.

O día 14 de outubro de 2016, o Goberno central comunicaba a desconformidade coa súa tramitación nas Cortes Xerais, en base a un suposto incremento de créditos orzamentarios. Con independencia de que as contas feitas polo Ministerio de Fomento son absurdas, ao fundarse nos ingresos brutos das peaxes nun ano determinado (co que no caso de que as galegas e galegos decidíssemos durante un ano non usar dita infraestrutura e reducir ao mínimo os ingresos de peaxes xa nos sairía case gratis o rescate), constitúe un agravio comparativo e unha discriminación parapetarse nun suposto incremento orzamentario para vetar o debate sobre a transferencia da AP-9 a Galiza e poder abaratar o seu custe para as usuarias e usuarios, cando se está a falar de achegar cantidades multimillonarias de diñeiro precisamente nun beneficio das persoas que as usan, senón que irán directamente para compensar ás construtoras e á banca que tamén impulsaron esa ruínosa construción de vías de alta capacidade.

Os grupos políticos desta corporación, debemos reafirmar e apoiar a iniciativa aprobada no Parlamento de Galiza que ten como finalidade superar un marco competencial onde Galiza nin decide nin opina sobre a xestión da vía de alta capacidade máis importante do punto de vista social e económico do país, e aspira a que desde Galiza se tome o control desa autoestrada, para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera, a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias, co modelo de xestión que ten a administración central da AP-9.

Con esta moción pretendemos que a Corporación de Rianxo tamén se sume ao consenso político acadado no Parlamento de Galiza e apoie expresamente a defensa da iniciativa lexislativa para reclamar a transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza, nos termos aprobados polo Parlamento de Galiza.

Ademais, para expresar o rexeitamento a que unilateralmente e sen xustificación, dun xeito totalmente arbitrario e despectivo cara a principal institución representativa de Galiza, mesmo se impoña n veto ao seu debae e tramitación nas Cortes Xerais. Polo tanto, tamén estamos a reclamar que se garanta un elemental dereito democrático por parte do Goberno central, a que unha iniciativa de tanta importancia para Galiza sexa debatida e sometida a consideración do Congreso e do Senado, non simplemente a ser arquivada sen ter a oportunidade de a poder facer valer.

Por todo iso, o Pleno da Corporación Municipal/Provincial de...

ACORDA

- 1.- Instar ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza.
- 2.- Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galiza.
- 3.- Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e as construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios

finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP9.

4.- Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais, ademais do Goberno Central e a Presidenta do Congreso do Deputados.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

- O voceiro de Rianxo en Común di que aínda que apoian a moción e a vía que articula o noso país as 5 das 7 cidades e para movernos de Ferrol a Vigo temos que pagar de 17-38€ e en cambio para ir a Madrid non temos que pagar ningunha peaxe . Vendéronse 3 caixas galegas e en cambio non e posible recuperar a AP-9
- A voceira do PSOE, di que de acordo con apoiar a moción, que por unanimidade todos os partidos de Galicia con representación importante no Parlamento de Galicia apoiaron un acordo neste sentido
- A voceira do PP comeza dicindo que recordamos a titularidade da AP-9 é estatal , defendemos en todos os foros e liñas dos puntos 1,2,4 non estamos de acordo co punto 3 porque non se fai referencia os 4 millóns que custaría asumila ¿Como se vai facer fronte a iso¿ de onde vai a saír os fondos para facer fronte ?
- O Alcalde intervén e dí que o contido é bastante claro, nos non podemos saber de onde van a saír os fondos , iso e competencia do parlamento galego .A xunta debería crear vías alternativas paralelas AP-9 para que se reducise o tráfico e así conseguir que a xestión baixase os peaxes e dese incentivos o seu uso .

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 membros de Rianxo en Común), tres votos en contra (dos 3 membros do grupo PP) e cero abstencións dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

7.- MOCIÓN APOIO ÁS RECLAMACIÓNS DOS TRABALLADORES DO MAR.- PRESENTADA POLO BNG O 17/10/2016 CON REXISTRO DE ENTRADA Nº 5883

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

A voceira do grupo municipal BNG lee a moción.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Rianxo apoia ás reclamacións dos traballadores do mar que desenvolven a súa actividade na pesca de altura e gran altura afectados pola decisión inxusta do Goberno español de minorar os coeficientes redutores da idade de xubilación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto 1311/2007, de 5 outubro establecía novos criterios para determinar a pensión de xubilación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, dun modelo instaurado nos anos 70 para a Mariña Mercante que se baseaba en aplicar un coeficiente redutor na idade de xubilación en función da zona que navegase o barco. Zonas que viñan reguladas a través dunha Ordenanza de Tránsito de Tránsito da Mariña Mercante do 20 de maio de 1969.

Este vello modelo, completamente desfasado, tivo que ir modificándose para actualizar os coeficientes redutores aplicábeis á pesca, incluíndose novas actividades que estaban excluídas como o marisqueiro, os percebeiros, bateiros, etc. Este criterio caduco foi substituído por un novo baseado no tipo de buque, sen chegar aínda ao fondo da cuestión: o dereito a reducir a idade mínima de xubilación naquelas actividades profesionais de natureza penosa, tóxica, perigosa e insalubre nas que se acusen elevados índices de morbilidade ou sinistralidade, así como aquelas que impliquen unha continua separación familiar e alonxamento do fogar.

Aínda así, con esta nova normativa até finais do 2015, a frota galega que faena en augas internacionais (cefalopodeiros, palangreiros, arrastreiros, etc) estaban considerados “conxeladores” polo que se lles aplicaba o coeficiente máximo de 0,40. Isto é, que con 25 anos enrolado un tripulante tería dereito a se xubilar aos 55 anos.

O pasado ano, o Goberno español (Dirección da Mariña Mercante, dependente do Ministerio de Fomento), a través dunha orde interna, modificou a aplicación destes coeficientes, de xeito que agora unicamente considera buques “conxeladores” aquelas embarcacións que teña una eslora de máis de 70 m e capacidade superior ás 1.000 TRB. O resto, dadas as súas menores dimensións, pasan a ser considerados buques “fresqueiros” sen teren en conta nin a actividade, nin a zona de pesca, nin as condicións de vida a bordo, aplicándose unha rebaixa no coeficiente de 0,40 ao 0,25-0,35, o que evidencia unha absoluta miopía por parte deste departamento de “secano”, pois a nosa frota faena no Índico, Pacífico, Atlántico Sul, Atlántico Norte e Ártico.

Esta medida afecta basicamente á Galiza, primeira potencia pesqueira do Estado, e cun tipo de frota que é, “curiosamente”, a que resulta penalizada. Con esta medida vense afectados os traballadores da frota palangreira, a frota cefalopodeira e o resto da frota arrastreira que non alcance as novas condicións establecidas por Madrid con independencia de que pesque nas Malvinas, en NAFO ou en calquera outro mar do mundo. Prexudícase así a milleiros de mariñeiros galegos que verían aumentada a súa vida laboral e sufrirían unha grave discriminación a respecto daqueles buques que cumpran as condicións de tamaño: atuneiros e algúns arrastreiros de fondo, que verán como desenvolvendo a mesma actividade, no mesmo caladoiro e en peores condicións de habitabilidade, verán diminuídos os seus dereitos de xubilación polo tamaño do barco. Esta decisión do Goberno español resulta inasumíbel e surrealista para os tempos que corren.

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

ACORDO

1. Manifestar o apoio deste Concello ás tripulacións embarcadas en buques que faenan en augas internacionais, e reclamar do Goberno español e do Ministerio de Fomento a

retirada da orde interna da Dirección da Mariña Mercante de modificación dos coeficientes redutores para os conxeladores.

2. Revisar de oficio todas as pensións que se resolveron co actual procedemento para impedir a discriminación a respecto dos que historicamente se lle recoñeceu o 0,40. Restituír a legalidade e o sentido común.
3. Solicitar unha revisión profunda do caduco modelo baseado na zona e o tamaño da embarcación para ir a un novo que incentive as condicións reais das actividades profesionais da pesca, recoñecendo aquelas que teñen maior penosidade, perigosidade, sexan insalubres e provoquen sinistralidade e altas morbilidades.
4. Solicitar o cese do Director Xeral da Mariña Mercante por incompetente e por descoñecer a realidade da pesca, ao aplicar criterios discriminatorios que conculcan os dereitos fundamentais dos traballadores galegos. Reprobar á titular do Ministerio de Fomento por consentir esta tropelía e non responder ás demandas levadas a cabo polos sindicatos e a patronal pesqueira dende o 2015.
5. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do Goberno español e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e Congreso dos Deputados.

Unha vez exposta polo portavoz do BNG, procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos, despois dun breve debate o Alcalde somete a votación a proposta e o Pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

8.- MOCIÓN OPOSICIÓN AO VERTEDOIRO NO CONCELLO DE LOUSAME.- PRESENTADA POLO BNG O 14/10/2016. REXISTRO DE ENTRADA Nº 5845

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

A voceira do grupo municipal BNG expón a moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Diario Oficial de Galiza nº 176, do 15 de setembro pasado, publica o anuncio da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións do centro de xestión ambiental de Lousame, promovido por Gestora de Residuos del Noroeste, S.L. no concello de Lousame (A Coruña).

Analizada a documentación sometida a información pública, logo nos decatamos de que a súa denominación como "centro de xestión ambiental", non é mais que un eufemismo que agocha a verdadeira intención de instalar un macro vertedoiro nas inmediacións do Monte Culou.

Un macro vertedoiro que ocupará 20 hectáreas e que actuará asociado a SOGAMA, tendo previsto recibir nos 10 anos de vida útil un total de 700.000 toneladas. Das 100.000 toneladas de residuos que acollería anualmente, o 80% (máis das 3/4 partes) rematará no vertedoiro.

Se debullamos polo miúdo o proxecto, atopamos que malia á insistencia en presentalo como unha instalación de reciclaxe e aproveitamento dos materiais contidos nos residuos, a súa verdadeira función é a de soterrar a maior parte do lixo no citado vertedoiro. Ademais, só un 10% aproximadamente dos residuos acollidos serían transformados en combustíbel para os fornos das cementeiras, ou cando cadre, para unha nova incineradora como prevé o Plano de Residuos 2010-2020 da Xunta de Galiza.

É público e notorio que o BNG está por avanzar nun modelo de xestión dos residuos baseado nos 3Rs (redución, reutilización e reciclaxe) e no impulso da compostaxe, que supere o modelo de SOGAMA (por ineficaz, esgotado e contaminante) como ben demostra este intento de instalación dun novo vertedoiro.

En base ao exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de Rianxo, a adopción do seguinte

A C O R D O

Opoñerse á instalación do denominado centro de xestión ambiental de Lousame, promovido pola empresa “Gestora de Residuos del Noroeste, S.L”, por lesivo para o medio ambiente, así como para os intereses xerais do noso concello, personándose no expediente administrativo de referencia (clave 2015-IPPC-I-82), sometido a información pública e formulando cantas alegacións sexan necesarias a fin de evitar a construción do vertedoiro a situar nas inmediacións do Monte Culou, no termo municipal de Lousame

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

-O voceiro de Rianxo en Común : vamos apoiar a moción , cando recibimos a moción puxémonos a estudar un pouco polo miúdo a cuestión e resulta que o Plan de Residuos de Galicia 2016-202 di que non é necesario novos vertedoiros , ata que non estean completos o 80% dos existentes. Os terreos nos que se pretende enclavar que non son pequenos pertencen e todos a son pertencen a mesma sociedade o estudo ambiental que consta é un chiste , non queremos saber moito máis pero non nos parece necesario instalar un vertedoiro que non fai falta .

- O voceiro de PSOE : aínda que o noso concello non lle afecte nos vamos apoiar a moción

-Voceiro do PP : o noso grupo en principio ía apoiar a moción pero nos nos vimos os informes de medio ambiente , vámonos abster porque non temos coñecemento do que nos está a expoñer Rianxo en Común .

-Alcalde : votaron a favor o concello de Lousame e Noia por unanimidade e por solidariedade con estes concellos se propón o se apoio por esta cámara

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e tres abstencións (dos 3 membros do grupo PP) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

9.- MOCIÓN OPOSICIÓN Á LOMCE E ÁS SÚAS REVÁLIDAS.- PRESENTADA POLO BNG O 14/10/2016. REXISTRO DE ENTRADA Nº 5846

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

A concelleira de educación Raquel García Abuín do BNG pasa a expoñer a moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aplicación da LOMCE consagra cuestións totalmente negativas para o sistema educativo por ser fundamente centralizadora, clasista e sexista, mercantilizar a educación e afondar nun modelo moito máis autoritario e antidemocrático. Cómpre lembrar que xa a súa elaboración foi sen diálogo social e sen participación da comunidade educativa, das asociacións que representan os diferentes colectivos implicados e con grande oposición social e política. Ademais, a LOMCE representa un ataque frontal ás competencias das comunidades autónomas e supón unha involución inadmisíbel ao negar a realidade plurilingüe, pluricultural e plurinacional do Estado español e veta o dereito de ofrecer o seu propio modelo lingüístico.

Para alén doutras consideracións, a inclusión a proba xeral en 3º e 6º de Primaria e as reválidas en 4º da ESO e en bacharelato, que son requisito imprescindible para conseguir os títulos correspondentes, pretenden pór as maiores trabas posíbeis para a continuación dos estudos. Obedecen, pois, a unha concepción clasista e elitista da educación e contribúen a excluír o alumnado máis desfavorecido socialmente do dereito á educación nun contexto no que xa as progresivas privatizacións e recortes do sistema público de ensino limitan os recursos para facer real o principio de igualdade de oportunidades.

Ademais, a nivel pedagóxico as reválidas supoñen unha presión engadida para o alumnado, forzándoo a ser avaliado baixo estándares uniformizados sen ter en conta a educación como proceso e o contexto social, económico e persoal do alumnado así como as súas capacidades e actitudes. Tamén cómpre sinalar como as probas avalían só determinadas áreas de coñecemento, tendo nunha menor consideración outras competencias, destrezas e habilidades do campo artístico e musical. Ademais, o modelo centralista fai que sexa o Ministerio de Educación quen fixe os criterios, limitando os contidos específicos do marco galego que son imprescindíbeis para a formación do alumnado no seu contexto.

Así mesmo, condicionan a labor docente ao encamiñala á preparación das probas e cuestionan a avaliación continua e a opinión do equipo docente para coñecer as carencias, potencialidades, habilidades e capacidades do alumnado, así como dos medios, recursos e apoios necesarios para mellorar a aprendizaxe e o rendemento escolar.

Por todo isto, a lei ten unha clara pretensión de camiñar cara un sistema educativo competitivo, clasista e segregador que excluírá os sectores máis desfavorecidos da educación e asentará unha estrutura curricular ao servizo do capitalismo.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza á eliminación das reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen as reválidas, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuíta.

2. A esixencia de que a Xunta da Galiza solicite ao goberno do Estado a derogación da LOMCE.
3. Instar á Xunta a defender as nosas competencias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomenta a lingua propia do noso país.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

Voceiro de Rianxo en Común: expón que estamos no seu campo de traballo despois dunha larga exposición acaba concluíndo esta lei supón volver o momento dunha lei do 1957 coas reválidas, debemos prantexarnos porque esta lei? Esta lei é agresiva contra as clases traballadoras, para que os seus fillos non estuden, o mesmo PP non sabe como xestionar as reválidas por numerosos motivos ben coñecidos por todos entendemos esta lei debe ser derogada. O seu grupo vai apoiar a moción

Voceira do PSOE: creemos que a educación é un dos temas principais dunha sociedade e entendemos non se pode legislar en contra da sociedade e de todos os sectores

Voceira do PP Estamos a favor de que se derroge a LOMCE pero é necesario aprobar unha lei de educación

Alcalde: os recursos inflúen nas políticas e é necesario dotar de recursos persoais e materiais as leis para que estas se poidan cumprir. Os países destinan recursos na educación e formación incrementan a súa riqueza. Os recursos van o ensino concertado, deben destinarse recursos o ensino público. A lei de educación debe nacer con consenso de todos.

O Pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

10.- ROGOS E PREGUNTAS

Continuación **o Alcalde procede a contestar os rogos e preguntas** plantexados nos plenos anteriores

-O pabellón xa está solucionado.

- A depuración por métodos naturais incorporase o traballo diario, presentouse unha solicitude de subvención para a poboación de Cerqueiras. Nos Plans e obras de deputacións: hai varios proxectos de licitación de saneamento en marcha.

-Sobre a comisión do centro de Día: volvemos a reiterar a Conselleira para que nos reciba a toda a comisión

-Relativo o PXOM solicitouse a empresa redactora unha xuntanza ,está en marcha un novo regulamento da lei do solo que está pendente de aprobarse .

-Creemos necesario crear unha comisión de Auga e Alumeado ,para poder municipalizar estes servizos e estudar os temas con profundidade .Con respecto ó alumeado os servizos xurídicos teñen que estudar o expediente e despois faremos un encontro coa empresa .

O PSOE presenta con Re num. 6015 de 4 de outubro uns rogos que a continuación se transcriben :

“ 1.-No pleno do 26 de novembro de 2015 xa lle rogamos que na zona de acceso a piscina e o pabellón se deixara un oco reservado na parte dereita da entrada para que cando un vehículo que accede ó aparcadoiro da piscina e se encontra con outro que sae , non teña que volver marcha atrás cara a estrada co perigo que iso supón. A día de hoxe esa parte dereita segue ocupada por vehículos que aparcan aí. Dificultando a entrada e saída do acceso a piscina. Volvémoslle a rogar que se planten a proposta de que esa zona quede libre de estacionamento mediante un sinal ou pintado no chan da zona para facilitar o acceso antes exposto.

2.-Rógase que se coloque un pasamáns na entrada de acceso os locais da escola vella de Asados que aínda que se retiraron as escaleiras e se fixo unha rampa, por aí acceden persoas maiores con dificultades de mobilidade. Xa houbo algunha caída e tamén varios casos que case chegan a caer.

3.-No pleno do 26 de novembro de 2015, rogámoslle que se deixara unha distancia libre de estacionamento nas marxes dos pasos de peóns, coa fin de ter boa visibilidade. Exemplo desto é o paso de peóns fronte ao colexio Castelao, na rúa Arcos Moldes onde xa houbo algún que outro susto, porque aparcan os coches pegados ao paso de peóns, e pérdese visibilidade, sobre todo cando os que cruzan son nenos ou nenas.

4.-Rógase que se reparen os baches que hai na pista no lugar de Marquiños en Lemos, así como o tramo da pista que vai dende este lugar ata o lugar de Foxacos que se atopa en mal estado. Xa sabemos que están pendentes de executarse obras de arranxo de varias pistas por todo o concello, pero decímolo por se acaso non están previstas nestas.

5.-Rógase que se limpen ou desbrocen a vexetación que sobresa nas beirarrúas que van da estrada xeral cara a igrexa do Araño, pois son estreitas e a vexetación dificulta o paso e a xente móllase cando vai andando.

6.-. No pleno do 26 de novembro de 2015, respecto de un rogo que lle fixemos para que fosen substituídos os espellos rotos que están situados nas interseccións con pouca visibilidade, vostede respostou que xa se iban comprar para poder reemprazalos. A día de hoxe moitos non foron aínda substituídos, por exemplo o de Quintáns.

7.- Rogamos que se actualicen os datos dos membros da corporación na páxina web do concello, xa que houbo varias renuncias e como consecuencia, novas incorporacións, estas aínda non están reflexadas .

PREGUNTAS:

1.-No pleno nº 16 do 29 de outubro de 2015, rogámoslle que se arranxara a marquesiña

da Ermida, que estaba mal, metía auga pola parte de abaixo e non tiña nin un banco para sentarse. O banco xa o ten grazas a un veciño que llo fixo para que os nenos e nenas se poidan sentar. Xa fixera un con anterioridade, pero roubárano, volveu facer outro e menos mal que o de agora está amarrado.

Obsérvase que se quere arranxar o chan do entorno da marquesiña. Esta obra e feita polo concello? No caso de ser o concello, teñen pensado facerlle algún outro tipo de arranxo na marquesiña ademáis deste?

2.- Cando se vai arranxar a porta do mercado municipal ? Dixéronnos que xa leva moito tempo estropeada e agora que ven o inverno non pode estar todo o tempo aberta porque fai corrente e entra frío.

3.- É posible facer unha relación das propiedades que aínda quedan pendentes de adquirir polo concello no tramo onde se quería continuar o paseo dende A Torre ata o Porto de Taragoña? Sería interesante saber eso para poder contemplar unha partida nos orzamentos do ano 2017 para poder ter de unha vez todos os terreos a disposición e así poder continuar o paseo, aínda que sexa en forma de sendeiro. “

Adolfo Muíños procede a contestar os rogos plantexados por escrito polo PSOE :

- Con respecto ó problema do acceso o aparcadoiro do pabellón é un embudo que nos atopamos de difícil solución polo terreo ,levarase a sinal para que non se aparque.
- Na escola de Asados mirárase de poñer un pasamáns
- Tomamos nota sobre a pintura dos pasos de peóns para elevarlo a Deputación.
- Sobre a limpeza de Araño fíxose unha primeira limpeza e en breve farase a segunda limpeza anual .
- Os espellos estanse colocando os novos .
- A marquesina de Ermida colocouse unha nova , así como na Marquesa e na Zona de Araño que ascenden a 1800 € colócanse sobre unha soleira con formigón polo que a súa colocación e máis lenta e costosa .

- Vai saír a concurso os contratos de ascensores e de dúas portas mecánicas, xa están os prescricións técnicas redactadas. .
- A adquisición das propiedades do paseo ten o seu custe , moitas propiedades están salteadas, sería bo valorar pero sempre que fose asumible economicamente, a realización do sendeiro debe respetar as propiedades privadas

A continuación **Rianxo en Común** pasa a expoñer os seus rogos e preguntas :

- o outro día mencionei o PXOM ,luz ,auga son temas moi importantes que entendemos que deben tratarse a súa xestión con prioridade e a súa xestión ten que saír ben .
- Nas resolucións trasladadas no mes de setembro iniciouse expediente sancionador de terrazas .Non se deben facer agravios comparativos ,e tratarse igual a todas as terrazas nos

momentos de festas , entendemos que debe nomearse secretario dos expedientes un funcionario.

-Sorpréndenos que nun dos decretos se seleccione persoal para obradoiro de emprego de albaneis , tendo este un sector con moitas dificultades para atopar traballo no mercado actual , ¿como este concello aposta por estes sectores? ¿Prevén haxa emprego nese sector ?

-¿ Qué lle compramos a editorial El correo gallego por 1200€?

- Os informes de intervención relativos a aprobación de facturas sinalan que algúns conceptos non están desglosados ¿Por qué non se lles pide as empresas que o modifiquen ? Observamos de forma reiterada que hai facturas idénticas con importes similares e non son de empresas concesionarias .

- O acceso o concello ¿existe a posibilidade de facer unha rampa de acceso ?

- Na carretera de Rianxiño hai beirarrúas están en bastante mal estado, sería necesario arranxa-lo.

-En Asados a corredoira do Crego sería necesario amplía-la a corredoira.

-Solicítouse unha subvención para un ascensor no Liceo ¿sábese canto leva gastado o erario público nese edificio?

A continuación **grupo municipal socialista** pasa a expoñer os seus rogos e preguntas :

- No outro pleno preguntamos quen facía o seguimento das obras .

- Moitos dos bancos que hai no Paseo non se poden utilizar porque as ramas das árbores chegan a eles. Rógase que se tomen medidas para arranxalo.

- Nestes días está sendo asfaltada a carretera que vai dende Rianxo, por Leiro, cara a Bexo. Xa se fixeron todos os cruces na estrada que son necesarios para facer o saneamento e abastecemento de auga, en pequenas zonas que quedaban pendentes en Leiro e Isorna?

- Aproveitando tamén que a estrada está sen pintar, podíase solicitar á Deputación o estudo da reubicación de algúns pasos de peóns, por exemplo o que está ó inicio de Fincheira, e outros ao longo da estrada que poidan ser necesarios?

- Vanse facer os arranxos das lousas que faltan e outras que se moven no Paseo?

A continuación **grupo municipal partido popular** pasa a expoñer os seus rogos e preguntas :

-Na rúa do Mercadona recibimos queixas de que non barre.

- Na rúa hospital comentáronos que dous coches romperan unha roda porque os adoquíns non se atopan en bo estado .Urxe arranxalo para que non produza máis danos !

- ¿Vaise crear algunha bolsa para substituír o persoal ?

A continuación **Adolfo Muíños** toma a palabra :

- Estáse a traballar nas bolsas de administrativo , cando se aprobaron as bolsas de emprego prevían unha vixencia moi curta en aras a renovación e dar igualdade de oportunidade , agora

xa deixaron de estar en vigor salvo as de limpeza e non temos listas das que tirar facéndose necesario iniciar novos procedementos para crear listas de agarda.

-Respecto a corredoira do Crego,vaise recoller a pedra da Eira do pai de Isorna e trasladarase alí

- O propietario do antigo taller Ford en Rianxiño xa se lle requiriu que procedese a limpar a zoa .

- As beirarrúas non teñen unha fácil solución moitas son entradas a garaxes, intentouse Deputación puxese postes, era complicado ampliar as estradas porque moitos postes impedían o paso .

- En relación co rogo da escaleira do Concello , hai unha zoa habilitada, hai que dar a volta pero o problema de accesibilidade está resolto ,a xente debe acostumarse a utilizar os accesos axeitados .Diante do Concello vexo dificultades de poder poñer un pasamáns .

- Sobre os gastos do Liceo , vai ser o centro social que teñamos ,ten moitas posibilidades o edificio de ser como de Boiro ,esa pagado polo Concello de Rianxo sen que ninguén dese axudas ,ten problema de accesibilidade e solicítase unha axuda .

- O módulo de albanelería axuda a facer obras no Concello , supón a inserción desta xente durante uns meses, son empregos que o que pretenden en moitos casos e darlle unha posibilidade de sentirse útiles, e durante seis meses de obter uns ingresos a unha poboación en moitos casos desfavorecida que lle axuda a súa formación . A selección realízase por comisión mixta do Concello e a Xunta . Tamén contamos con outro obradoiro de xardinería no que seleccionaron a 10 mulleres

- Non hai agravios comparativos no tema das terrazas , o que se busca e protexer a seguridade de todos ,existe un plan de seguridade e moitas terrazas están situadas nas saídas de emerxencia polo que son medidas preventivas .Miraremos o tema do secretario .

- Tema das facturas , non hai concesionarias moitos concursos van lentos , todos os servizos teñen sacarse a concurso , son partidario de prestar os servizos e si que se están a tomar medidas sacar a licitación todas as contratacións .

-Sobre as obras todo mundo sabe que ten que ter licencia ou comunicación previa , policía local vivía as obras .

-O tramo de Isorna a Leiro fixeron a 1ª fase , e 2º tramo haberá que mirar , o tramo hasta Isorna prevé facelo Deputación para o ano , se non o fai a xunta cos fondos Feder 75% UE teremos que facelo con fondos propios .

-Solicitarémoslle a Deputación a reubicación dos pasos de peóns .

- Lousas do paseo xa saíu no pleno anterior e o mellor pode ser substituír por formigón

- Preguntarei que pasa no Mercadona de Abaixo pero a rúa do mercadona é privada o concello so ten a franxa de diante do bar Toffe e remata no parking uns 2000 metros o resto e unha fórmula privada de uso público , de disfrute de todos ,pero os gastos correspóndenlle a urbanización .

- os adoquíns da rúa hospital se están en mal estado amañárase

FORA DO ORDEN DO DIA

O alcalde fora do orden do día plánte a **posibilidade de atrasar o pleno ordinario** de novembro o 1 de decembro dado que o prazo de exposición pública da conta xeral remata o 24 de novembro e así xa se podería incluír no orden do día

O Pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a atrasar o pleno ordinario de novembro o 1 de decembro.

Ás 22:15 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Rianxo, venres 8 de novembro de 2016

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez